



Estimadas familias:

En setembro as ANPAS de Ames acordamos iniciar o curso sen actividades extraescolares, co compromiso de revisar esta decisión despois do primeiro trimestre en función da evolución da situación sanitaria.

Tras reunirnos de novo e analizar a evolución da pandemia e a situación sanitaria actual **acordamos suspender definitivamente as actividades extraescolares para o curso 2020/2021.**

Na reunión estaban presentes e participaron do acordo as ANPAS dos seguintes centros: CEIP A Maia, CEIP Agro do Muíño, CEIP de Barouta, IES de Ames, EEI Milladoiro, CEP de Ventín e IES do Milladoiro.

Unha vez adoptado o acordo, poñemos por tanto a decisión no coñecemento das familias ás que representamos, así como do conxunto da comunidade educativa, as direccións dos centros e o Departamento de Educación do Concello de Ames.

Lamentamos ter que tomar esta decisión, pero dada a evolución da pandemia non vemos outra opción.

Por último aproveitamos para lembraros que dende as ANPAS seguimos aquí para apoiaros e axudarvos en todo o que poidamos.

Saúdos